



**CONCELLO DE  
OLEIROS**

**Asunto:** TRAMITACIÓN AMBIENTAL PARA A MODIFICACION PUNTUAL DO PXOM NO AMBITO DO SOLO URBANO NON CONSOLIDADO POLIGONO 16 DE AS VIÑAS-PERILLO

**RESOLUCIÓN Nº 3802/2011**

Na Casa Consistorial de Oleiros, a dez de outubro de dous mil once, a Alcaldesa en funcións, **DONA MARÍA JOSÉ VARELA NEIRA**, dita a seguinte **RESOLUCIÓN:**

**RESULTANDO** que polo Concello Pleno en sesión de 29 de setembro de 2011, se acordou proceder á formulación do documento de Modificación Puntual do PXOM no ámbito do solo urbano non consolidado POL-16 de As Viñas-Perillo.

**RESULTANDO** que polo arquitecto municipal se redactou o DOCUMENTO DE INICIO (setembro 2011) para a avaliación ambiental estratéxica da modificación puntual.

**RESULTANDO** que o Plan Xeral Municipal de Ordenación, aprobado parcialmente por Orde de 11.03.09 da C.P.T.O.P.T., BOP nº 75 de 02.04.2009, DOG nº 81 de 28.04.2009, non foi sometido a dita avaliación ambiental ao amparo da disposición transitoria primeira da Lei 9/2006 de 28 de decembro.

**CONSIDERANDO** que o artigo 5 da Lei 6/2007 determina os instrumentos de ordenación do territorio e de planeamento urbanístico que deben ser obxecto de avaliación ambiental estratéxica citando entre eles os plans xerais de ordenación municipal e as modificacións de calquera dos instrumentos relacionados nas letras anteriores cando así o decida o órgano ambiental en cada caso. A decisión, que deberá ser motivada e pública, axustará aos criterios establecidos no anexo II da Lei 9/2006, de 28 de abril.

**CONSIDERANDO** que a Lei 9/2002 modificada pola Lei 2/2010 de 25 de marzo, no art. 84 -ao que remite o 93.4 para as modificacións de planeamento xeral- establece que iniciada a fase de formulación do planeamento se redactará un anteproxecto como documento de inicio que servirá de orientación para a elaboración e avaliación ambiental do plan. Achégase así documento de inicio coa finalidade de comunicar ao órgano ambiental (Consellería de Medio Ambiente) a iniciación da tramitación do instrumento de ordenación.



**CONCELLO DE  
OLEIROS**

**CONSIDERANDO** o establecido no art. 21 da Lei de Bases de Réxime Local sobre competencias municipais.

En uso das facultades atribuídas pola lei, **RESOLVO:**

**Primeiro.**- Comunicar ao órgano ambiental a iniciación da tramitación da modificación puntual do PXOM no ámbito do solo urbano non consolidado POL-16 de As Viñas-Perillo, remitindo en soporte papel acompañado de CD con ficheiros en formato dixital.

**Segundo.**- Solicitar a elaboración do documento de referencia de conformidade ao disposto no art. 9 da Lei 9/2006 de 28 de abril.

**Terceiro.**- Dilixenciar o documento.

A Alcaldesa en funcións,

Dou fe,  
A Secretaria Xeral,

Asdo.: Asunción Sardón Blanco.